

# Informe sobre a enquisa coa “Satisfacción coa formación recibida 1º semestre do grao” (Curso 2023/24)

## Obxectivo

A Comisión de Calidade considerou relevante coñecer a opinión do alumnado sobre a satisfacción coa formación recibida no segundo semestre deste curso. A visión dos alumnos, que coñecen de primeira man as fortalezas e debilidades do sistema, é importante porque permite detectar deficiencias e tomar medidas para minimizalas.

## Desenvolvemento

Planificouse unha enquisa por cursos de 6/7 preguntas, dirixida a todo o alumnado, tanto do Grao en Química como dos Dobres Graos que se imparten na Facultade (Dobre Grado en Química e Bioloxía e Dobre Grado en Física e Química).

A enquisa recolleuse virtualmente (Microsoft Forms) no mes de xaneiro/febreiro de 2024 (dende o 29 de xaneiro ata o 11 de febreiro), unha vez rematado o período lectivo do primeiro semestre.

## Análise de resultados

Como a enquisa era diferente para os distintos cursos, a análise de resultados e as conclusións extraídas das respostas obtidas, realizarase por cursos.

### 1. Primeiro curso

A porcentaxe global de participación foi do 16% (29 alumnos sobre un total de 178, 28 do Grado en Química e 1 do Dobre Grado en Química e Bioloxía). Os participantes cursan maioritariamente o Grao en Química (GQ). Apenas hai participantes dos Dobres Graos.

● Grao en Química	28
● Grao en Química (Inglés)	0
● Dobre Grao en Química e Bioloxía	1
● Dobre Grao en Química e Física	0

A segunda pregunta referíase á materia con maior dificultade. Das 29 respostas obtidas, 23 contestaron que Física I foi para eles a materia mais difícil. As demais respostas foron: QXI, Bioloxía e Matemáticas I. A taxa de éxito de Física I leva baixando dende o curso 2019-20 con un 75% ato o

56 % no curso 2022-23, sendo claramente neste último curso a materia coa menor taxa. En canto a QXI, ten unha media de taxa de éxito do 65 % nos últimos cinco cursos. En canto a Matemáticas I pasou dun 42% no curso 2021-22 ó 76% no curso 2022-23.

A terceira pregunta facía referencia a anterior, preguntando cal lle parecía que podía ser o motivo, sendo as opcións: a que traían mala base, ao nivel de esixencia, a que non se imparte correctamente ou outro. Das 29 respostas obtidas, 13 fan referencia a que no se imparte correctamente, 7 respostas a que traía mala base, outras 7 respostas a que o nivel de esixencia e demasiado elevado e 2 fai referencia a “outro”.

A cuarta pregunta: “Valora do 1 ao 5 a túa satisfacción coa docencia de clase de laboratorio recibida neste semestre” obtén un 3,59 de media, dado que hai 1 alumno que a valoran cun 2, 12 alumnos que as valoran cun 3, 14 alumnos que as valoran con un 4 e outros 2 alumnos que as valoran cun 5.





A quinta pregunta referente a utilidade das clases de teoría, un 62% opinan que en xeral, si son útiles, mentres que ao outro 35% parécelles que non.

A sexta pregunta relacionada con a formación recibida, en xeral, obtén unha valoración media de 3,03 sobre 5, e tódalas respostas están entre o 2 e o 4.

A última pregunta sobre o máis positivo e o máis negativo do curso, as respostas son variadas e recóllense no Anexo, aínda que a maioría sinalan ás clases expositivas dunha materia en concreto.

## 2. Segundo curso.

A porcentaxe global de participación foi do 4% (8 alumnos sobre un total de 193, todos do Grado en Química).

 Grao en Química	8
 Grao en Química (Inglés)	0
 Dobre Grao en Química e Bioloxía	0
 Dobre Grao en Química e Física	0

A segunda pregunta referíase á materia con maior dificultade. Das 8 respostas obtidas, 6 contestaron que Química Cuántica foi para eles a materia mais difícil, os 2 restantes contestan Química Orgánica I, aínda que ningunha delas ten unha baixa taxa de éxito.

A terceira pregunta: “Valora do 1 ao 5 a túa satisfacción coa docencia de clase de laboratorio recibida neste semestre” obtén un 3,75 de media, superior ao valor obtido no primeiro curso.





Na cuarta pregunta trataba sobre o medio que utilizan para ampliar coñecementos sobre algunha materia. 5 das respostas foron para “Internet”, 2 para “biblioteca” e 1 para clases particulares.

Na quinta pregunta “Consideras que os exames finais axústanse aos contidos traballados en clase?”, a maioría (6 de 8) opinan que si.

A última pregunta sobre o máis positivo e o máis negativo do curso, as respostas son variadas e recóllense no Anexo. De todas formas, como positivo destacan as clases de laboratorio e como negativo a maior parte das respostas fan referencia a alta carga de traballo.

### 3. Terceiro curso.

A porcentaxe global de participación foi do 3% (6 alumnos sobre un total de 174, todos do Grado en Química).

	Grado en Química	6
	Grado en Química (Inglés)	0
	Dobre Grado en Química e Bioloxía	0
	Dobre Grado en Química e Física	0

A segunda pregunta referíase á materia con maior dificultade. A materia con maior dificultade foi Termodinámica estatística e fenómenos de transporte (4 das 6 respostas) e 1 resposta para Coordinación e outra para Análise estrutural.

A terceira pregunta: “Valora do 1 ao 5 a túa satisfacción coa docencia de clase de laboratorio recibida neste semestre” obtén un 3,67 de media, valor que se encontra entre os dous cursos anteriores. Tódalas valoracións teñen un 3 ou un 4.

Na cuarta pregunta trataba sobre o medio que utilizan para ampliar coñecementos sobre algunha materia. O 33% das respostas foron para “Internet” e para “clases particulares” e un 17% restante para “biblioteca” e para “nada”.

Na quinta pregunta “Consideras que os exames finais axústanse aos contidos traballados en clase?”, a maioría opinan que si.

A última pregunta sobre o máis positivo e o máis negativo do curso, as respostas son variadas e recóllense no Anexo. De todas formas, como negativo a maior parte das respostas fan referencia a alta carga de traballo e a que se explican demasiados contidos en pouco tempo.

#### 4. Cuarto curso.

A porcentaxe global de participación foi do 13% (16 alumnos sobre un total de 120, 13 do Grao en Química, 2 do Grao en Química en inglés e 1 do Dobre Grao en Química e Física).

● Grao en Química	13
● Grao en Química (Inglés)	2
● Dobre Grao en Química e Bioloxía	0
● Dobre Grao en Química e Física	1

A segunda pregunta referíase á materia con maior dificultade. Das 16 respostas obtidas, 10 contestaron que Bioquímica foi para eles a materia mais difícil, os restantes contestan Enxeñaría Química, Química de coordinación (que é unha asignatura de terceiro curso, non de cuarto) e Física nuclear e de partículas (que corresponde ó grao en Física).

A terceira pregunta: “Como valorarías a relación carga docente con número de créditos?” obtén un 56% de resposta de “Excesiva”, e o 44% restante considéranla “Axeitada”.

A cuarta pregunta facía referencia o número de TFG ofertados, con una clara maioría de “Si”. Só tres alumnos marcan “Non”.

A última pregunta sobre o máis positivo e o máis negativo do curso, as respostas son variadas e recóllense no Anexo. De todas formas, como negativo a maior parte das respostas fan referencia a excesiva cantidade de temario dalgunha materia como Bioquímica.

Segundo se recolle das respostas, a satisfacción coa docencia de clase de laboratorio é mais alta que coa docencia expositiva. As queixas sobre as clases expositivas segue sendo, como en cursos anteriores, predominante neste curso e ademais en todos os niveis de Grao.

A participación máis baixa dáse no 3º curso e a máis alta dáse en 1º.

As enquisas de 3º e 4º curso recollen participantes doutros cursos, ben repetidores ou ben algún alumno dos dobres graos.

Santiago de Compostela a 13 de febreiro de 2024

Mercedes Parajó Montes  
Coordinadora de Calidade da Facultade de Química